

ADEGA FOI O PRIMEIRO COLECTIVO EN ADOPTAR O NOME DE ECOLOXISTA

NO ESTADO ESPAÑOL

25 ANOS DE MEDIO AMBIENTE E ECOLOXISMO NA GALIZA

Manuel Soto Castiñeira

Baixo este título, ADEGA ven de publicar un libro que recolle as ponencias dunhas xornadas realizadas o pasado ano co obxectivo de relembrar a criación de ADEGA nos anos setenta e as principais loitas ecoloxistas livradas desde entón. O outro obxectivo das xornadas era o de realizar unha avaliación da evolución ambiental no noso país ao longo deste cuarto de século. Trata-se por tanto dun libro de enfoques plurais e con aportacións diversas, ainda que todos os seus posicionamentos poden ser assumidos pola Asociación, en concordancia cos obxectivos que o grupo fundador se propuña: "Tómo-me a liberdade de escribirle en nome dun grupo de amigos e no meu próprio, empeñados na defensa ecológica de Galiza. Pareceu-nos que canto estamos facendo nesta defensa en nada práctico se traducirá, se non nos trabamos nunha organización na que poidan entrar todas as persoas interesadas no problema", en palabras de Domingo Quiroga, primeiro presidente de ADEGA.

O ámbito educativo foi un dos que amosou maior receptividade ás novas

ideas (Fraga). Abonda con esta afirmación para entender as duas traxectorias vitais nas que se situán os diversos autores que participaron no proxecto desta publicación, e tamén as ligazóns que se deron e continuán a dar entre elas. Temos por unha banda os científicos ambientalistas, é dizer aqueles investigadores do medio comprometidos coa realidade ambiental e social por encima de intereses crematísticos particulares, dos que son expoñente nesta escola Diaz Fierros, Lizancos Mora ou Xavier Simón. E por outra banda, persoas con decisiva responsabilidade ecoloxista como Ramón Varela, Carlos Vales ou Peñas Patiño, que representan un ecoloxismo que asenta as suas actuación na análise científica da realidade natural e social. Velaí como a ligazón entre todos eles é o compromiso social cunha terra e cun pobo e a ética persoal no desenvolvemento do seu traballo. Nun ou noutro eido, ou en ambos á vez, poderíamos situar aos restantes autores do libro: Xosé Fraga, Costa Morata, Pérez Moreira, ou Manuel António.

Non é de estranhar pois que neste ámbito tiveran lugar debates e reflexións sobre o papel da Ciencia e a Investigación. Así, para Díaz Fierros, está ultrapassada esa forma de pensar na que "as ciencias duras creian ter a solución para todo", da que tantos problemas se derivaron, para dar paso no futuro á aplicación do principio de precaución, o que requiere aceptar que a ciencia non ten todas as respuestas, ou que cando as chega a ter pode ser demasiado tarde. Así, o principio de precaución consiste en "adoptar medidas ainda que non teñamos todas as respuestas absolutas e definitivas" de forma que no futuro deberán-se "tomar decisiones duras sobre unha base científica branda", xustamente ao contrario do que se ven facendo.

O libro aborda a construción histórica do ecoloxismo, cun artigo de Xosé Fraga que se remonta aos avances que supuxo a Institución Libre de Enseñanza, e mais concretamente no noso país o

Seminario de Estudos Galegos, para pasar a analisar as relacións entre as organizacións ecoloxistas e outras entidades sociais, nomeadamente as correntes políticas clásicas (liberalismo e socialismo), e rematar cunha reflexión sobre os 25 anos da Asociación ADEGA, o primeiro colectivo en adoptar o nome de ecoloxista no Estado español.

O estudo e situación do medio físico –ar, auga e solo– é abordado por Diaz Fierros, quen pon de manifesto a deficiencia dos dados disponíveis e mesmo a

"CANTO ESTAMOS FACENDO NA DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA EN NADA PRÁCTICO SE TRADUCIRÁ, SE NON NOS TRABAMOS NUNHA ORGANIZACIÓN NA QUE POIDAN ENTRAR TODAS AS PERSONAS INTERESADAS NO PROBLEMA" (DOMINGO QUIROGA, PRIMERO PRESIDENTE DE ADEGA).

sua fiabilidade, cando o control da calidade ambiental se fai directamente pola parte interesada (as empresas). Diaz Fierros chama a atención sobre a importancia de conservar as terras produtivas, que na Galiza se restrinxen a menos do 20%, e mesmo a tan só o 7% as de elevada produtividade. Neste ámbito de estudio, Pérez Moreira presenta un femoso ensaio sobre "Natureza, Territorio, Paisaxe" cun percorrido polo *tempo creativo*, o *tempo incerto* e o *tempo soñado*. Os valores naturais e as causas da sua deterioración son o obxecto deste traballo, que presta unha atención singular á paisaxe. En "Río e Cidade", Lizancos analiza a relación entre o humano e o natural, observando que as poboacións atravesadas por ríos poideron ben incorporá-los a sua estrutura urbana ou, pola contra, dar-lles a costa, e mostra-nos situacións positivas e negativas, estas claramente dominantes no noso país.

Ramón Varela aborda o problema da contaminación industrial e resíduos,



Vários autores. Edita ADEGA. 200 Páginas. O libro vende-se ao prezo de 1500 ptas (1000 ptas para socios/as de ADEGA). Os pedidos poden-se realizar a ADEGA:
Rua de Touro, nº 21 - 1º, 15704 Santiago
Tel. e fax: 981.570.099. E-mail: adega@ctv.es

cunha introdución aos problemas derivados da contaminación e os enfoques que teñen recibido noutros países, para pasar a debuxar-nos o mapa galego das principais industrias contaminantes: Alumina-Aluminio, Centrais Térmicas, Celulosas, Transporte e refinado do petróleo, Conserveiras, Agricultura, etc. Carlos Vales reflexiona sobre a importancia do patrimonio natural na Galiza e aborda o traballo de ADEGA na sua conservación, analisando os impactos da política forestal, os incendios, as concentracións parcelarias, a desecación de humedais, o proceso urbanizador, as industrias contaminantes e mal localizadas, as presas hidroeléctricas... Completa esta parte do libro o tra-

A "PEGADA ECOLÓXICA" PON DE MANIFESTO O CARÁCTER NETAMENTE INSUSTENTÁVEL E INSOLIDÁRIO DO ACTUAL MODELO ECONÓMICO (XAVIER SIMÓN).

ballo de Penas Patiño sobre o estudo da nosa fauna, no que foi pioneira a Sociedade Galega de Historia Natural e os seus múltiples colaboradores, cos traballos dirixidos a realización do Atlas de Vertebrados de Galicia, ao tempo que describe a situación de perigo na que se atopan numerosas especies.

O debate do uso dos recursos como antecedente do ambientalismo ven de muito atras e tivo importantes manifestacións no noso país, por exemplo en rela-

ción coa explotación da sardiña (Fraga) e mais tarde coa explotación enerxética dos noso ríos (Díaz-Fierros e Rodríguez Pardo). O outro elemento antecedente do ambientalismo pode buscar-se nos problemas de contaminación, que se manifestaron ligados ao proceso industrializador dos séculos dezoito e dezanove (Díaz-Fierros) pero que na Galiza terían como primeiro expoñente claro a fábrica de Celulosas en Lourizán (Rodríguez Pardo, Bar Boo...).

Precisamente, esa dualidade contaminación/uso dos recursos foi e segue sendo o eido de traballo de ADEGA como Asociación ecoloxista. Xa nos setenta, nun debate sobre a contaminación da ENCE-Elnosa, Domingo Quiroga expuña o problema da seguinte forma: *"Diante do desenvolvimiento exponencial da industria temos igualmente que coñecer se poderemos manter ou non ese desenvolvimiento cos recursos que precisa, sen procurar-mos a propia destrucción, senón, ben ao contrario, a nosa conservación e benestar".* Nesta liña, e ligando cos actuais debates sobre a globalización, Xavier Simón analisa a relación entre os pobos do planeta, e pon de manifesto o carácter netamente insustentável e insolidário do actual modelo económico: por unha banda, a "pegada ecolóxica" do planeta no seu conxunto estima-se en 2,8 hectares per capita, fronte ás 2,1 existentes, e por outra, os EE.UU., cunha pegada de 10,3 hectares per cápita, supera en mais de tres veces o consumo medio do planeta e en mais

de dez veces o consumo de países como China ou Índia).

Outros capítulos do libro abordan a situación actual da educación ambiental (Manuel António), as liñas de actuación do Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental da Xunta (Casares Long), ou a relación entre asociacións ecoloxistas e administracións (López Vispo e Veiras). Xosé Veiras presenta tamén as principais actuacións da Federación Ecoloxista Galega (FEG), entidade da que forman parte a maioría dos grupos ecoloxistas do noso país. Pedro Costa Morata aborda a cuestión da contaminación electromag-

"TEMOS QUE XOGAR A FONDO A OPCIÓN POR UN ECOPESIMISMO DE CARÁCTER ESENCIALMENTE MILITANTE" (PEDRO COSTA MORATA).

nética e reflexiona sobre o futuro da loita ecoloxista, afirmando-se en posicionamentos de ecopesimismo ou "pesimismo optimista", é dizer, "un cepticismo de fondo histórico, que mantén un activismo a toda proba, baseado na vontade de futuro".

Por último, o libro recolle unha reflexión sobre a evolución histórica e as aportacións individuais e colectivas ao traballo da Asociación ADEGA durante os seus 25 anos de historia, así como as intervencións das persoas convidadas ao acto de clausura das xornadas.

Os tres libros relatan aventuras de Said e Sheila, dous rapaces do futuro "optimistas e solidarios" (en palabras do autor) que, procedentes de Oriente Medio, viven, orfos, nun muiño en Galiza.

"Perigo vexetal" (Premio Merlin, 1995) sitúase no ano 2075 e narra as pescudas dos dous irmáns a procura da relación entre dúas noticias que reciben no seu ordenador: "A nova planta revolucionaria, o supercereal SC-1, será a solución dos problemas alimentarios da humanidade"; e máis adiante: "Unha planta monstruosa arrasa a pampa arxentina".

"Ameaza na Antártida" leva ós protagonistas desde Galiza a Antártida, pasando por Grecia, nunha aventura que se inicia cando descubren unha extraña mortandade de peixes no río que hai cabo da súa casa, e tratan de atopar as causas.

En "O futuro roubado" Said e Sheila caen por unha fenda do espacio-tempo e chegan a un tempo para eles pasado: o ano 2000. Terán que enfrentarse a poderosos grupos que, movidos por intereses económicos, non reparan nas desfeitas ecológicas e culturais que producen, sexa na Amazonia, sexa en Galiza.


Ramón Caride, biólogo, profesor de ensinanza secundaria e anteriormente premiado como narrador e poeta, entra na colección Merlin da man de dous personaxes, neno e nena (rapaz e rapaza) preocupados pola xusticia e o medio ambiente, de xeito que as súa aventuras xiran arredor de problemáticas ambientais de gran actualidade: os alimentos transxénicos, os riscos da enerxía nuclear, os impactos da produción de enerxía e as súas implicacións sociais. Ben construídos e de fácil lectura, os libros constitúen, ademais, un elemento motivador para despertar o interese da xente nova polas cuestións ambientais.

Autor: Ramón Caride • Ilustracións: Miguelanxo Prado
Colección Merlin (de 11 anos en diante) • Edicións Xerais de Galicia


S
O
R
O
V
I
L



O FUTURO ROUBADO
1ª edición: 2000
151 páginas



PERIGO VEXETAL
1ª edición: 1995;
4ª edición: 1999
112 páginas.



AMEAZA NA ANTÁRTIDA
1ª edición: 1997;
3ª edición: 2000
128 páginas